

QUE É XENOMA GALICIA

Unha iniciativa galega de investigación en medicina personalizada.

Que é o Proxecto Xenoma Galicia? <p>XENOMA GALICIA é unha iniciativa da Xunta de Galicia que aposta pola Xenómica para impulsar novos programas de prevención e medicina personalizada.</p> <p>É un proxecto pioneiro en España que busca avanzar no coñecemento das enfermidades mediante a recollida de datos clínicos, datos xenéticos e mostras biolóxicas que serán a clave para o avance da medicina personalizada e para establecer estratexias de saúde en Galicia.</p>	▼
---	---

En que consiste? <p>Trátase dun estudo de investigación que avalía un novo enfoque consistente en ofrecer probos xenéticos predictivos á poboación xeral para detectar precozmente a unha poboación con maior risco de desenvolver determinadas enfermidades que a poboación xeral, as cales se poden beneficiar dun programa de cribado para o diagnóstico precoz.</p>	▼
--	---

Para que enfermidades ofrecerá probos xenéticos? <p>As primeiras enfermidades para as que o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) ofrecerá estas probos xenéticos predictivos son:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Cancro de mama e ovario hereditario (ver vídeo explicativo)▪ Síndrome de Lynch (ver vídeo explicativo)▪ Hipercolesterolemia Familiar (ver vídeo explicativo)	▼
--	---

Obxectivos xerais <p>A xenómica está xogando un papel moi importante no xurdimento da medicina personalizada, porque proporciona unha xanela molecular moi específica das diferenzas entre nós, e dá-nos a oportunidade de facer predicións individuais sobre o risco de enfermidade, o cal pode permitir elixir un plan de prevención ou tratamento que sexa adecuado para cada un de nós. O obxectivo xeral do proxecto Xenoma Galicia é coñecer a variabilidade xenética da poboación galega para poder guiar decisións clínicas tomadas en relación coa prevención, diagnóstico e tratamento da enfermidade, en definitiva, co fin de implementar unha medicina personalizada. XENOMA GALICIA propón a creación dun biobanco de datos xenéticos e clínicos de 400.000 persoas galegas de entre 35 e 70 anos de idade e un biobanco de mostras biolóxicas de 100.000 destas persoas</p> <p>Coa intención de poder alcanzar este obxectivo xeral iniciamos o desenvolvemento dun proxecto piloto que nos permita valorar as capacidades de levalo a cabo.</p> <p>Os obxectivos específicos expostos neste proxecto piloto son os seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Comprobar a capacidade de establecer un biobanco de datos xenéticos representativos da poboación galega. Para iso trataremos de comprobar a adherencia da poboación a este tipo de estudo xenómico poboacional a través da participación mediante mostras de saliva (1.000 participantes) e mostras de sangue (1.000 participantes).2. Comprobar a capacidade de establecer unha cohorte de mostras biolóxicas da poboación galega (1.000 participantes) dispoñibles para futuros estudos.3. Avaliar a efectividade da realización de cribados xenéticos preventivos a adultos de entre 35 e 70 anos, co obxectivo de identificar variantes de ADN asociadas a 3 enfermidades hereditarias:	▼
--	---

- Cancro de mama e ovario hereditario
- Síndrome de Lynch
- Hipercolesterolemia familiar